

ARTS & CRAFTS 21-27 MAIO

Este é o traballo de plástica para esta semana desglosado en cursos. A data tope de entrega é o mércores **27de maio**. Se tedes alguna dúbida, poñede vos en contacto.

Nota: as actividades que se indican como opcionais, son para aqueles alumnos-as que queiran facer actividades de ampliación.

Un saúdo

1º PRIMARIA

Libro páxina 35. Nesta actividade tedes que debuxar auga e aire. Debuxaredes líneas curvas (**curved lines**) e con ondas (**wavy lines**) para auga, e espirais (**swirls and spirals**) para o aire. Seguides os pasos que se dan nas imaxes. Necesitades un folio en branco e as ceras de cores apropiadas a cada un deles. Ao finalizar o debuxo, colorear.

2º PRIMARIA

Esta semana facemos a páxina 33 do libro "**My sunny face**". Nesta actividade tedes que crear un sol con cara parecido ao da imaxe (non ten porque ser igual, de feito é recomendable ser creativos). Necesitades una cartolina o algún material similar que sexa consistente. Podedes utilizar diferentes materiais que teñades en casa: variedade de legumes e pastas de diferentes tamaños, formas e cores, boliñas de algodón...

3º-4º PRIMARIA

Seguimos a traballar as posicións fondo (**background**), punto medio (**middle ground**) e primeiro plano (**foreground**) na páxina 28. Completar o debuxo do deserto debuxando os tres cactus que vos aparecen no lateral esquerdo na posición que se indica no texto. Despois coloreade o debuxo.

Opcional: reproducir a actividade da páxina 29. No libro está feito con cartolina pero vós utilizade o material que teñades en casa (folios de cores, folios en branco e despois colorear.....)

5º-6º PRIMARIA

Modern Art. Para comezar, na seguinte ligazón, tedes un vídeo en inglés sobre Gaudí e a súa obra. Podedes engadir subtítulos.
<https://www.youtube.com/watch?v=C9u7nkjFOyM>

O seguinte vídeo está en castelán e apórtanse datos biográficos e da súa obra:
<https://www.youtube.com/watch?v=90liKI9NSYU>

Na páxina 34 do libro hai un texto explicativo. Podedes leelo. No arquivo adxunto "*Barcelona by Antoni Gaudi*" tedes unha imaxe das súas obras para colorear seguindo a súa técnica de cor. Utilizade ceras de cores ou pinturas de madeira. Coñecedes algunha obra súa cerca de Galicia?

Opcional: Se tedes plastilina en casa, podedes recrear a actividade da páxina 36.